



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 28 de XUÑO de 2023 (1497/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas do día vinte e oito de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(505).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(506).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "PABLO LÓPEZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023". EXPTE. 9692/335.**

Visto o INFORME-PROPOSTA do 28/06/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (Delegación do 23/06/2023) e a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e informe de fiscalización da mesma data 26.06.2023 propónse a adopción do seguinte acordo

**"1.- ANTECEDENTES**

Con data 14 de abril de 2023 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo de **ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "PABLO LÓPEZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 09/02/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 14 abril de 2023.
- Memoria económica, de data 17 de abril de 2023.
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando gastos xerais e o beneficio industrial.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Documento económico, de data 18 de abril de 2023.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 12 de xuño de 2023.



## Concello de Vigo

- Memoria xustificativa, de data 12 de xuño de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
  - Información esixida polo artigo 130 LCSP.
- Informe do servizo de contratación de data 15 de xuño de 2023.
- Prego de cláusulas administrativas de data 28 de xuño de 2023.

Por todo o exposto, e previos informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "PABLO LÓPEZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"**.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas do 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 28 de xuño de 2023, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación de **127.050,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **105.000,00 euros** con cargo a aplicación

orxamentaria **3380.226.0906 (Festas de Vigo)** do programa orxamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(507).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ORQUESTA 430" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023". EXPTE. 9716/335**

Visto o INFORME-PROPOSTA asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación (delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos do 27 de xuño de 2023) e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento (resolución de data 23 de xuño de 2023) e informe de fiscalización da mesma data que literalmente dí:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Orquesta 430" dentro do "Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2023" (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ORQUESTA 430" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023".*



## Concello de Vigo

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 21 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 26 de xuño de 2023, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación de 20.812,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 17.200,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** O 26 de xuño de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a VIALETHEIA, S.L.

**Terceiro.-** O 27 de xuño de 2023 VIALETHEIA, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 28 de xuño de 2023, reúnense a técnica do Servizo de Contratación por delegación de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a VIALETHEIA, S.L.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

*Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”.*

*De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración”.*

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e b do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi

presentada polo licitador ou porque formaba parte doutro expediente (9243-335), e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de VIALETHEIA, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, VIALETHEIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 28 de xuño de 2023 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a VIALETHEIA, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Orquesta 430" dentro do "Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2023" por un prezo total de 20.812,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.612,00 euros”.*



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(508).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "SANT ANDREU JAZZ BAND E IMAGINE JAZZ ORQUESTA" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023". EXPTE. 9718/335.**

Visto o INFORME-PROPOSTA da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación (delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos do 27 de xuño de 2023) e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento (resolución de data 23 de xuño de 2023) e informe de fiscalización da mesma data que literalmente dí:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Sant Andreu Jazz Band e Imagine Jazz Orquesta" dentro do "Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2023" (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "SANT ANDREU JAZZ BAND E IMAGINE JAZZ ORQUESTA" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 26 de xuño de 2023, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación de 18.755,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 15.500,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** O 26 de xuño de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a VIALETHEIA, S.L.

**Terceiro.-** O 27 de xuño de 2023 VIALETHEIA, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 27 de xuño de 2023, reúnense a técnica do Servizo de Contratación por delegación de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal. Dado que o licitador presentou un Anexo II co apartado da Declaración de ausencia de conflito de interese (DACI) incompleta, requiriúselle para que o emendarse. Asemade, como declarou a súa solvencia técnica por medio de contratos executados neste Concello, solicitouse certificado á Secretaría do Goberno local.

VIALETHEIA, S.L. presentou novo anexo II do PCAP debidamente cumprimentado a través de documento nº 230180253 presentado no mesmo día desta reunión.

A secretaria do Goberno local emitiu certificado de data 27 de xuño de 2023 de acreditación da solvencia técnica do licitador pola execución en 2022 da actuación artística, rider e catering para o “II Festival Internacional Vigo Jazz-Class 2022” (9243-335) por un prezo total de 81.070,00 euros.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.





## Concello de Vigo

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración”*.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e b do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque formaba parte doutro expediente (9243-335), e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de VIALETHEIA, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, VIALETHEIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 27 e 28 de xuño de 2023 de apertura dos sobres A e B, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a VIALETHEIA, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Sant Andreu Jazz Band e Imagine Jazz Orquesta" dentro do "Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2023" por un prezo total de 18.755 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.255 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(509).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO. EXPTE. 1527/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/06/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do servizo administrativo e orzamentario da Área de Fomento, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e o tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** A lei 9/2019, de 11 de decembro, de *medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario* prevé, na súa disposición adicional segunda, que as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas.

**II.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á

U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.



## Concello de Vigo

**III.-** No informe técnico de inversións a curto prazo, en materia de abastecemento, emitido polo Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos Municipal e o Enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, con data 28.12.2020, que figura no expediente da dita prorroga, indicábase a conveniencia e a idoneidade de levar a cabo un Plan de actuacións sobre perdas no abastecemento.

**IV.-** Así mesmo, o prego da concesión prevé, no seu apartado 26a que *“o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ao servizo corresponderá ao concesionario, quen velará polo seu correcto funcionamento e tomará as medidas oportunas para que sempre se atope nas debidas condicións de uso”*.

**V.-** En data 12/09/2022 a concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento presenta proposta de auditoría e plan de actuacións sobre perdas no abastecemento.

**VI.-** Por resolución do concelleiro da área, de data 30/12/2022, acórdase iniciar expediente de aprobación no seu caso do Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga, encomendándose a súa tramitación e informe ao Técnico de Administración Xeral e ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos da Área de Fomento.

**VII.-** En data 08/06/2023, a concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento presenta nova proposta modificada de plan de actuación sobre perdas no abastecemento, asinado polo Director Xerente do Servizo, José María Ardoy Carrillo.

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

**I.-** O Plan presentado reúne o alcance necesario para definir as actuacións necesarias para minimizar as perdas na rede de abastecemento, segD un o previsto na Lei 9/2019 de *medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario*.

**II.-** As actuacións previstas no Plan son susceptibles de ser executadas pola concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento dentro das obrigas de mantemento e conservación da infraestrutura, así como con cargo a novas actuacións do Plan de Investimentos asociado á segunda prórroga do contrato. Outras actuacións están a ser xa desenvolvidas polo Concello de Vigo, ao contemplar dentro dos proxectos de humanización a renovación das redes de abastecemento.

**III.-** Considérase que o Plan presentado permitirá, unha vez aplicadas as medidas previstas, mellorar o rendemento hidráulico da rede de abastecemento.

**IV.-** A aprobación do plan corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no procedemento a seguir para a execución das investimentos incluídos no Plan de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o “**PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS NA REDE DE ABASTECIMENTO**”, redactado pola concesionaria do servizo municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo, FCC AQUALIA VIGO UTE e asinado polo seu Director Xerente, José María Ardoy Carrillo, que se achega no expediente.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.



**Concello de Vigo**

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez